

Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo
Praza do Rei, nº 1
36202 - VIGO (Pontevedra)

Expediente: U.8.Q/63741/16

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2016

Sr. alcalde:

Iniciamos este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, como consecuencia das informacións publicadas nos medios de comunicación.

Nesta institución tívose coñecemento a través de diferentes medios, da situación na que se atopa dona [REDACTED] nai de tres fillos, dous deles menores, con sinalamento de data de desafuzamento da vivenda habitual a executar o vindeiro día 31 do actual mes de outubro.

Segundo informan os referidos medios, a situación de desemprego na que se atopa e o feito de que a totalidade dos ingresos da unidade familiar se sitúen en cifras próximas aos seiscientos euros, motivou que dende o mes de febreiro non puidera facer fronte á renda do alugueiro e que a débeda xerada, a día de hoxe, se achegue aos catro mil euros.

Se sinalaba na información publicada que o día 14 se lles cortara o subministro de luz e que en breve ocorrería o mesmo co da auga, no caso de que a concesionaria do servizo dera efectividade á comunicación postal remitida á Sra. [REDACTED]

Así mesmo, segundo os datos ofrecidos polos medios, a data da cita nos servizos sociais municipais do concello de Vigo non se produciría ata o día 28 de novembro, practicamente un mes despois da data do desafuzamento.

Á vista destas informacións, abrimos unha queixa de oficio, e promovemos a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal, no ámbito das súas competencias.

En consecuencia, ao considerar que esta queixa reúne os requisitos formais segundo a lexislación de aplicación, e que atopa cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da

Constitución, requirimos dese Concello, que no prazo de 15 días, de acordo co previsto na Lei do Valedor do Pobo, ou tan pronto lles sexa posible, nos facilite información sobre a problemática anteriormente exposta, que motiva a presente queixa, e en concreto sobre a situación actual que semella inminente no que atinxe ao desaloxo desta familia da súa vivenda habitual, e sobre cantas actuacións se practicasen ou estean previstas practicar cara a mitigar a situación que está a padecer esta familia viguesa, así como sobre as demais circunstancias que sexan relevantes para a completa valoración do obxecto da mesma.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Instituto Galego da Vivenda e Solo
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: U.8.Q/63741/16

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2016

Sra. conselleira:

Iniciamos este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984 , de 5 de xuño do Valedor do Pobo, como consecuencia das informacións publicadas nos medios de comunicación.

Nesta institución tívose coñecemento a través de diferentes medios, da situación na que se atopa dona ██████ nai de tres fillos, dous deles menores, con sinalamento de data de desafiuzamento da vivenda habitual a executar o vindeiro día 31 do actual mes de outubro.

Segundo informan os referidos medios, a situación de desemprego na que se atopa e o feito de que a totalidade dos ingresos da unidade familiar se sitúen en cifras próximas aos seiscientos euros, motivou que dende o mes de febreiro non puidera facer fronte á renda do alugueiro e que a débeda xerada, a día de hoxe, se achegue aos catro mil euros.

Se sinalaba na información publicada que o día 14 se lles cortara o subministro de luz e que en breve ocorrería o mesmo co da auga, no caso de que a concesionaria do servizo dera efectividade á comunicación postal remitida á Sra. ██████

Así mesmo, segundo os datos ofrecidos polos medios, a data da cita nos servizos sociais municipais do concello de Vigo non se produciría ata o día 28 de novembro, practicamente un mes posterior a data do desafiuzamento.

A nivel autonómico, sempre segundo a información da que dispoñemos, a Sra. ■■■■■ estaría convocada para as vindeiras datas a fin de propoñerlle as axudas a que houber lugar cara a mitigar a súa problemática.

Á vista destas informacións, abrimos unha queixa de oficio, e promovemos a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos de dito precepto legal, no ámbito das súas competencias.

En consecuencia, ao considerar que esta queixa reúne os requisitos formais segundo a lexislación de aplicación, e que atopa cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, requirimos, dese organismo, que no prazo de 15 días de acordo co previsto na Lei do Valedor do Pobo, ou tan pronto lles sexa posible, nos facilite información sobre o problema que motiva a presente queixa, e en concreto sobre a situación actual que semella inminente sobre o desaloxo desta familia da súa vivenda habitual, e sobre cantas actuacións se practicasen ou estean previstas practicar cara a mitigar a problemática que está a padecer esta familia viguesa, así como sobre as demais circunstancias que sexan relevantes para a completa valoración do obxecto da mesma.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo